

## ACORDOS DO COMITÉ DE XIMNASIA ACROBÁTICA

Ourense, 21 de Novembro do 2024

### 1. **NORMATIVA COPA GALICIA INTERNACIONAL 2025.**

Os cambios aprobados na normativa da Copa Galicia Internacional 2025 atópanse no arquivo adxunto. Propónse a data prioritaria do 14-15-16 de Febreiro para a súa celebración en Vigo e como segundas opcións, en caso de non ser viable a primeira opción, 14-15-16 ou 07-08-09 marzo.

Incorpórase nesta edición a categoría cadete dado que as categorías junior e senior Base compoñense de 2 exercicios e alongarían o evento mais do previsto ademais varios clubs de Portugal mostraron interese en que se volvese incorporar ao evento a categoría cadete. Modifícase o punto correspondente a número de participantes necesario para aportar xuíz.

### 2. **NORMATIVA ESCOLAR 2025.**

Adxúntase a normativa Escolar axustada aos cambios acordados para o 2025.

### 3. **TECNIFICACIÓN SEGUNDO SEMESTRE.**

Infórmase da celebración dunhas xornadas de tecnificación dirixidas por D. Lourenço Maia para o fin de semana do 22-23 de novembro no ETEA, tal e como estaba previsto dentro do proxecto de tecnificación aprobado, cos dous equipos en seguimento para o próximo campionato de Europa 2025.

Acórdase que, tras o pago dos gastos da concentración a Lourenço Maia, se resta algunha cantidade esta se divide entre os 5 ximnastas en seguimento para axudar a cubrir os gastos da súa asistencia as concentracións nacionais do 2024.

### 4. **PROPOSTAS E PREGUNTAS.**

Propoñense as seguintes datas para a celebración dos eventos autonómicos:

- Copa Base e Escolar: Marzo/Abril. Acórdase priorizar a celebración dun evento de Base aberto a outros clubs de fora de Galicia, no caso de non cubrir a xornada de competición ca Base poderase participar tamén en nivel Escolar.
- Campionato Galego Élite e Base: Maio
- Campionato Galego Escolar: Xuño

Infórmase que na vindeira reunión de Comité, que se celebrará en xaneiro do 2025, trataranse os proxectos de tecnificación para 2025 unha vez aprobados os orzamentos en Asamblea.